

AYUNTAMIENTOS

LUGO

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día sete de outubro de dous mil oito, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS, co seguinte texto:

"ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS

INTRODUCCIÓN

CAPÍTULO 1.- OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

DISPOSICIÓN XERAIS

- Obxecto.
- Facultades da Alcaldía.
- Obrigados ó cumprimento.
- Posuidores e propietarios.
- Prohibicións xerais.
- Prohibicións especiais.

CAPÍTULO 2.- DEFINICIÓNS

- Definicións.

CAPÍTULO 3.- CENSO E IDENTIFICACIÓN

- Censo.
- Identificación.

- Baixas. Cambio de domicilio.

- Animais abandonados.

CAPÍTULO 4.- TENZA E CIRCULACIÓN DE ANIMAIS. CONDICIÓNS SANITARIAS

- Tenza e circulación. Regras xerais.
- Condicións sanitarias.
- Inspección e vixilancia.

CAPÍTULO 5.- AGRESIÓN A PERSOAS

- Agresión.
- Control do animal.

CAPÍTULO 6.- ANIMAIS CONSIDERADOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

- Definición.
- Cans potencialmente perigosos.
- Licenza.
- Medidas de seguridade.
- Comercio.
- Rexistro.
- Adestramento.
- Esterilización.

CAPÍTULO 7.- ESTABLECEMENTOS DE CRÍA, GARDA E VENDA DE ANIMAIS

- Licenza.
- Inscripción.

- Localizacións, construcións, instalacións e equipos.
- Alimentos.
- Salas de espera.
- Establecementos dedicados á venda de animais.
- Documentación necesaria para a venda.

CAPÍTULO 8.- INSTALACIÓN S AVÍCOLAS, HÍPICAS E GANDEIRAS

- Instalacións comprendidas. Licenza.
- Obrigas.
- Transporte de animais.
- Entrada en matadoiros.

CAPÍTULO 9.- INSTALACIÓN S ZOOLÓXICAS

- Definición. Tipos.
- Licenza.
- Medidas de seguridade.
- Marco de exercicio da actividade.

CAPÍTULO 10.- CONDICIÓN S QUE DEBEN REUNIR OS CONSULTORIOS, CLÍNICAS E HOSPITAIS VETERINARIOS

- Consultorios, clínicas e hospitais.
- Localización.
- Equipamentos e instalacións.
- Apertura. Funcionamento.

CAPÍTULO 11.- SOCIEDADES PROTECTORAS

- Regras xerais.

CAPÍTULO 12.- ESPECIES NON AUTÓCTONAS. ANIMAIS SILVESTRES E EXÓTICOS

- Documentación esixible.
- Especies ameazadas.

CAPÍTULO 13.- RÉXIME SANCIONADOR

Sección 1.- Infraccións

- Infraccións leves.
- Infraccións graves.
- Infraccións moi graves.
- Prescrición.

Sección 2.- Sancións

- Sancións aplicables.
- Graduación.
- Medidas provisionais.
- Responsabilidade.

DISPOSICIÓN S ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

INTRODUCCIÓN

Esta ordenanza ten por obxecto fixar unha serie de normas que regulen a tenza de animais no termo municipal de Lugo e a súa interrelación coas persoas, tendo en conta os posibles riscos para a sanidade ambiental, así como a tranquilidade, saúde e seguridade da cidadanía e dos seus bens.

Para iso establécese unha serie de atencións mínimas que teñen que recibir os animais de compañía en canto ó seu trato, hixiene e coidado, protección e transporte, sempre inspiradas no principio fundamental de posesión e tenza responsable, así como normas sobre a súa estancia en establecementos especializados, atención sanitaria, comercialización e venda.

Por outra parte, diversos ataques a persoas, protagonizados por cans, xeraron un clima de inquietude social que obrigan a establecer unha regulación que permita controlar e delimitar o réxime da tenza de cans potencialmente perigosos, co fin de minimizar os riscos de futuras molestias e ataques a seres humanos, conxéneros ou outras especies animais. Limitanse as prácticas inapropiadas de adestramento para a pelexa ou ataque e outras actividades dirixidas ó fomento da súa agresividade.

Así mesmo, recóllese e incentívase a necesaria participación da sociedade a través da potenciación das asociacións de protección e defensa e da difusión dun espírito que contribúa ó fomento do respecto ós animais.

CAPÍTULO 1.- OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APLICACIÓN. DISPOSICIÓN S XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

En todo o relativo á tenza, coidado e protección dos animais domésticos, salvaxes en cativeiro ou utilizados con fins lucrativos, deportivos ou de recreo, así como os que se atopen en réxime de explotación e consumo, rexerá o establecido nas directrices da Unión Europea, lexislación estatal e autonómica.

Artigo 2.- Facultades da Alcaldía

A Alcaldía desta cidade adoptará aquelas disposicións que se estimen pertinentes para darlle a coñecer á cidadanía as normas que resulten de obrigado cumprimento, como a observancia de coidados hixiénico-sanitarios requiridos, loita contra enfermidades infecto-contaxiosas, recollida de animais abandonados, etc.

Artigo 3.- Obrigados ó cumprimento

As persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía e as de animais potencialmente perigosos, as propietarias ou encargadas de criadeiros, os establecementos de venda, centros para o seu fomento e coidado, así como as responsables dos establecementos sanitarios veterinarios, asociacións de protección e defensa dos animais e análogas quedan obrigadas ó cumprimento desta ordenanza, así como a colaborar coa autoridade municipal para a obtención de datos e antecedentes precisos sobre os animais relacionados con elas.

Artigo 4.- Persoas posuidoras e propietarias

1. A persoa que posúa un animal terá a obriga de mantelo en boas condicións hixiénico-sanitarias, e realizará calquera tratamento preventivo declarado obrigatorio. A propietaria ou o propietario dun animal de compañía deberá favorecer o seu desenvolvemento físico e saudable, así como unha adecuada alimentación, educación, aloxamento e recreo.

2. Quen posúa un animal será responsable dos danos, prexuízos e molestias que causase, de acordo co establecido no Código civil (artigo 1905), sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria do propietario ou propietaria. Así mesmo, estará obrigado a subministrar cantos datos ou información sexan requiridos polas autoridades competentes ou os seus axentes.

3. A tenza de animais en soares abandonados e, en xeral, naqueles lugares nos que non poida exercerse sobre eles a necesaria vixilancia, realizarase de maneira que os ditos animais gocen dos coidados e protección suficientes para que desenvolvan a súa vida en condicións adecuadas, e non causen molestias e danos a veciñanza.

Artigo 5.- Prohibicións xerais

1. Queda prohibido, con carácter xeral e respecto a todos os animais:

a) Causar a súa morte, agás en caso de enfermidade incurable ou necesidade ineludible.

b) Maltratar ou agredir de calquera forma ós animais, ou sometelos a calquera práctica que lles produza sufrimento ou dano non xustificable.

c) Abandonalos. Enténdese tamén como abandono situalos en lugares pechados ou deshabitados, soares, vías públicas, xardíns, etc., nos que non sexan debidamente atendidos.

d) Exercer a venda ambulante de calquera animal de compañía ou outro tipo, fóra dos recintos e das datas expresamente legalizadas e en condicións de legalidade respecto a cada especie animal segundo a súa regulamentación específica.

e) Exercer a venda non ambulante de animais sen o cumprimento das condicións xerais sinaladas pola lei.

f) Mantelos en instalacións inadecuadas dende o punto de vista hixiénico-sanitario ou inadecuado para a práctica dos coidados e a atención necesaria de acordo coas súas necesidades etnolóxicas, segundo especie e raza.

g) Efectuarlles mutilacións, agás a intervención veterinaria en caso de necesidade ou por esixencia funcional ou estética, para darlles a presentación habitual da súa raza.

h) Cedelos ou vendelos a laboratorios, clínicas ou centros de experimentación sen o cumprimento das garantías previstas na normativa vixente.

i) Utilizalos en espectáculos, pelexas e outras actividades se iso pode ocasionarlles sufrimentos ou sometemento a condicións antinaturais. Quedan excluídos os

espectáculos taurinos, as competicións de tiro ó pombiño baixo o control da respectiva federación e as festas tradicionais, sempre que non supoñan tortura, lesións ou morte do animal.

k) Negarlles a alimentación necesaria para o seu normal desenvolvemento.

l) Usar animais na vía ou establecementos públicos como elementos esenciais ou complementarios para reclamos publicitarios ou outras actividades lucrativas. No caso de establecementos de venda só se permitirá a exposición no interior.

m) Subministrarlles alimentos que conteñan substancias que poidan causarlles sufrimento ou danos innecesarios, así como substancias estimulantes, drogas ou estupefacientes non prescritos por facultativo veterinario.

n) Subministrar alimentos nas vías e espazos públicos a animais vagabundos ou abandonados, así como ás aves cando desa actuación poidan derivarse molestias, danos ou focos de insalubridade.

ñ) Obrígalos a traballar ou a producir en caso de enfermidade, desnutrición e cando exista un risco dunha sobreexplotación que poña en perigo a súa saúde.

o) Vendelos a menores de 16 anos ou a persoas incapacitadas sen autorización daqueles que teñan a patria potestade ou a custodia.

p) Facer doazón deles como premio ou recompensa por outras adquisicións de materia distinta á transacción onerosa de animais.

q) A tenza de animais potencialmente perigosos sen dispoñer de licenza municipal para a súa tenza e sen dispoñer de recintos apropiados, así como a súa circulación por espazos públicos ou locais abertos ó público sen cumprir as garantías de seguridade que esixe a lei.

2. Os axentes da autoridade, e cantas persoas poidan presenciar feitos comprendidos nestas prohibicións, teñen o deber de denunciar ós infractores e infractoras.

3. O Concello, no marco das súas atribucións e despois de incoar o correspondente expediente sancionador, poderá proceder como medida provisional a confiscar e ordenar o illamento dos animais domésticos ou salvaxes en cativeiro ante a evidencia de malos tratos, tortura, agresión física ou desnutrición. Tamén cando se manifestasen síntomas de comportamento agresivo e perigoso para as persoas, ou cando se perturbe de forma reiterada e grave o descanso da veciñanza.

Artigo 6.- Prohibicións especiais

1. Queda prohibido o traslado de animais nos medios de transporte público, a excepción dos servizos de taxi, onde se estará ó disposto na ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxi do Concello de Lugo.

2. Prohíbese a entrada e permanencia de animais en establecementos destinados á fabricación, manipulación, almacenamento, transporte e venda de produtos ali-

mentarios.

3. Está prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, en recintos destinados á práctica de deportes e nas piscinas públicas durante a temporada de baños.

4. Prohíbese a presenza de cans en áreas de xogo infantís.

5. Prohíbese a presenza de animais do xénero equino, sobre todo en parques, xardíns e paseos, agás nos lugares habilitados para o efecto.

6. Os parágrafos anteriores non serán de aplicación ós cans guía.

CAPÍTULO 2.- DEFINICIÓNS

Artigo 8.- Definicións

. Animal doméstico: Aquel que pertenza a algunha das especies que habitualmente se críen, reproduzan e convivan co home.

. Animal de compañía: Aquél animal doméstico das especies canina e felina, así como doutras que se críen, xeralmente no propio fogar, co obxecto de obter a súa compañía. Subespecie de animal doméstico.

. Animal de compañía silvestre: Todo aquel, pertencente á fauna autóctona ou foránea, que precisou un período de adaptación ó medio humano e que é mantido polo home, principalmente no seu fogar por pracer e compañía, sen que exista actividade lucrativa ningunha.

. Animal salvaxe en cativeiro: Os que, sendo libres pola súa condición, sexan obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.

. Animal abandonado: Aquél que non teña dono nin domicilio coñecido, que non leve ningunha identificación de orixe ou do propietario ou que non vaia acompañado de persoa ningunha que poida demostrar a súa propiedade. Tamén o que circula libremente, aínda que estea provisto de identificación oficial, se no prazo de 10 días a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade.

. Animal potencialmente perigoso: aquel que, pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertenza, e convivindo no medio humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte ou lesións á persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

. Establecemento: Calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como instalacións móbiles onde se aloxen, manteñan ou críen animais.

. Núcleos zoolóxicos: Os que albergan coleccións zoolóxicas de animais indíxenas e/ou exóticas con fins científicos, culturais, recreativos, de reprodución, recuperación, adaptación e/ou conservación deles, incluíndo parques ou xardíns de zoolóxicos, os zoosafaris, as

reservas zoolóxicas ou bancos de animais, as coleccións zoolóxicas privadas e outras agrupacións zoolóxicas.

. Establecementos para a práctica da equitación: Os que albergan équidos con fins recreativos, deportivos ou turísticos.

. Centros para o fomento e coidado dos animais de compañía: Establecementos que teñen por obxecto a reprodución, explotación, tratamento hixiénico, aloxamento temporal ou permanente e venda, ou ambos, de animais de compañía.

. Centros de recollida de animais abandonados: establecementos que teñen por obxecto a recollida de animais abandonados, nos que se lles facilitan, no tempo e forma que marque a normativa vixente, aloxamento, alimentación, coidados e os tratamentos hixiénico-sanitarios correspondentes.

. Establecementos veterinarios: Aqueles onde se realiza habitualmente calquera tipo de tratamentos cirúrxicos, terapéuticos e a hospitalización de animais, baixo a responsabilidade dun veterinario.

. Asociacións de protección e defensa dos animais: Asociacións sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, que teñan por principal finalidade a defensa e protección dos animais. As ditas asociacións serán consideradas para todos os efectos como sociedades de utilidade pública e de carácter benéfico-docente.

CAPÍTULO 3.- CENSO E IDENTIFICACIÓN

Artigo 9 - Identificación

1. Todos os cans terán implantado o seu correspondente microchip ou transpónder portador dun código alfanumérico de número de díxitos tal que sexa único para cada animal.

A implantación no animal do código establecido será efectuada por veterinario autorizado.

Artigo 10.- Censo

1. A posesión de animais de compañía que vivan habitualmente no termo municipal de Lugo obriga ós seus propietarios a inscribilos no Censo Municipal de Animais de Compañía ó cumprir o animal tres meses de idade ou despois dun mes da súa adquisición. Igualmente, está obrigado a estar en posesión do documento que acredite a inscrición no dito censo.

Para a identificación censual do animal, o servizo correspondente do Concello facilitará un documento acreditativo do censado, que deberá amosarse a requirimento de calquera axente da autoridade.

2. Na documentación para censar o animal, que figura nos impresos facilitados para a súa solicitude polo servizo correspondente do concello, incluíranse os seguintes datos:

- Nome do propietario e fotocopia do DNI del (acompañado do seu orixinal para a súa compulsión).

- Domicilio do propietario e teléfono.

- Fotocopia do documento onde figure o número de

microchip implantado no can, acompañado dos datos do seu propietario (con orixinal para a súa compulsa).

- Especie.
- Raza.
- Nome.
- Data de nacemento.
- Sexo.
- Características externas (cor, tamaño...).
- Lugar de residencia habitual do animal.

Artigo 11.- Baixas. Cambio de domicilio

1. As baixas definitivas (por morte dos animais censados, por cambio de concello de residencia do animal por período superior a tres meses continuando co mesmo propietario ou por cambio de concello de residencia do animal e cambio de propietario). En caso de falecemento a baixa será comunicada polo seu propietario ó servizo municipal no prazo dun mes dende que tivera lugar o mesmo, acompañando documento veterinario que certifique o óbito.

2. As baixas temporais, por desaparición dun animal censado, deberán comunicárselle ó servizo municipal, acompañando copia da denuncia da súa desaparición presentada en Comisaría.

3. Os cambios de domicilio da persoa propietaria do animal comunicaránse ó servizo municipal correspondente no menor prazo de tempo posible.

4. Os cambios de propietario ou propietaria do animal deberán comunicárselle ó servizo municipal acompañando datos do novo propietario ou propietaria e documentación veterinaria que acredite o cambio.

Artigo 12.- Animais abandonados

1. Considerarase animal vagabundo aquel que non posúa identificación ningunha e animal abandonado aquel que posúa un número de microchip e que no entanto deambule só polas rúas, sen compañía de persoa ningunha. No dito suposto, o Concello farase cargo do animal e reterao ata que sexa recuperado, cedido ou sacrificado. Non terá, así e todo, esta consideración aquel que camiña ó lado do seu posuidor, aínda que circunstancialmente non sexa conducido suxeito por correa e cadea.

2. O prazo de retención dun animal sen identificar será como mínimo de 72 horas.

3. Cando o can recollido fose identificado, avisarase ó propietario, e este terá tres días para recuperalo tras o aboamento dos gastos derivados da súa manutención, sen prexuízo da sanción correspondente. En caso de non poder localizar o propietario, manterase nas instalacións municipais durante un prazo máximo de 10 días.

Transcorridos os ditos prazos sen que o propietario o recupere ou sen que aboase os gastos xerados (alimentación, vacinación e sanción, se é o caso), o animal será cedido para a súa adopción ou sacrificado.

4. Ante a perda da tarxeta de identificación censual, o propietario deberá solicitar un duplicado no prazo de cinco días.

5. Os animais non recuperados polos seus donos nin cedidos para a súa adopción serán sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e baixo estrito control veterinario.

6. Os libros de rexistro dos centros de recollida de animais abandonados, ademais dos datos requiridos para todo tipo de establecementos, conterán: unha identificación completa e domicilio dos novos posuidores dos animais cedidos en adopción, así como o destino dos cadáveres dos animais mortos e/ou sacrificados durante a súa estancia no centro, co visto e prace dun veterinario.

7. O abandono de animais poderá ser sancionado como risco para a saúde pública.

CAPÍTULO 4.- TENZA E CIRCULACIÓN DE ANIMALES. CONDICIÓN SANITARIAS

Artigo 13.- Tenza e circulación de animais. Regras xerais.

1. Os cans gardiáns de soares, vivendas, obras, etc., deberán estar baixo vixilancia dos seus donos ou persoas responsables en todo caso, en recintos onde non poidan causar molestias ou danos a persoas ou cousas, debendo advertirse en lugar visible a existencia de can gardián. Non existindo recinto que os albergue, estes deberán estar convenientemente atados.

2. Cando os cans se atopen atados a un punto fixo, a lonxitude da atadura non poderá ser inferior á medida resultante de multiplicar por tres a lonxitude do animal tomada dende o fociño ata o nacemento do rabo, e en ningún caso menor a dous metros. Disporán dun recipiente con auga potable de fácil alcance. Prohíbese a atadura doutros animais de compañía.

3. A tenza de animais de compañía en vivendas ou outros locais queda condicionada ás circunstancias hixiénicas óptimas do seu aloxamento, á ausencia de riscos no aspecto sanitario, e á inexistencia de molestias e de perigo manifesto para os veciños.

4. Co obxecto de evitar ó máximo os ruídos producidos polos animais en horario de descanso nocturno, dende as dez da noite ata as oito da mañá non se poderán deixar en patios, terrazas, galerías ou balcóns aves e animais que poidan interromper o descanso ou a tranquilidade dos veciños. En horario distinto, deberán ser retirados cando de maneira evidente ocasionen molestias ós ocupantes do edificio ou edificios veciños.

En ausencia de propietario identificado, considerarase ó propietario do inmovible como responsable do animal.

5. Nas vías públicas ou zonas verdes os animais de compañía deberán ir debidamente identificados e suxeitos por correa ou cadea e colar.

6. Aqueles animais considerados potencialmente perigosos terán que circular con bozo de forma obrigatoria.

7. Os cans poderán estar soltos nas zonas acoutadas para o efecto polo Concello, agás os que representen algún perigo para o resto dos usuarios da instalación. Nos parques públicos nos que non exista zona acoutada, deberán circular segundo o establecido nos parágrafos precedentes.

8. Os donos de establecementos públicos poderán impedir, ó seu criterio, a entrada e permanencia de animais domésticos no seu establecemento, exceptuando os cans guía para persoas con diversidade funcional, que poderán acceder a todos os lugares públicos ou de uso público, establecementos turísticos e transporte colectivo público ou de uso público.

9. O acceso e permanencia dos animais en lugares comunitarios privados ou nas súas dependencias, tales como sociedades culturais, recreativas ou similares, zonas de uso común de comunidades de veciños e outras, estará suxeito ás normas que rexan as ditas entidades.

10. Quen posúa animais de compañía deberá mantelos en bo estado de limpeza, e deberá manter os habitáculos que os alberguen en boas condicións hixiénicas. En concreto:

a) Os habitáculos dos cans que teñan que permanecer a maior parte do día no exterior deberán estar construídos de materiais impermeables que os protexan das inclemencias do tempo, e serán colocados de tal forma os animais que non estean expostos directamente, de forma prolongada, á radiación solar nin á choiva.

b) O habitáculo será suficientemente longo, de forma que o animal colla nel folgadoamente. O animal ten que poder permanecer de pé e xirarse dentro.

c) As gaiolas dos animais terán dimensións que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etnolóxicas.

11. Prohíbese o traslado de animais de compañía en habitáculos que non cumpran as condicións do parágrafo anterior, agás que a viaxe non exceda dunha hora e media.

12. Quen posúa un animal deberá adoptar as medidas necesarias para impedir que ensucie as vías e espazos públicos.

No caso de que se produzan deposicións na vía pública, as persoas que conduzan o animal terán a obriga de recollelas e depositalas en lugar axeitado.

13. Cando un animal doméstico faleza, realizarase a eliminación hixiénica do cadáver mediante enterramento con cal vivo en terreo de propiedade privada do titular do animal ou por incineración en establecemento autorizado, sendo esta eliminación responsabilidade do propietario.

14. As persoas propietarias ou posuidoras dos animais serán as responsables do incumprimento destas normas.

Artigo 14.- Condicións sanitarias

1. Quen posúa un animal estará obrigado a practicalle as curas adecuadas que precise e a proporci-

onalle os tratamentos preventivos de enfermidades obrigatorias (vacinas, etc.), facendo constar o cumprimento desta obriga no pasaporte sanitario. Tamén adoptará todas aquelas medidas sanitarias preventivas que dispoñan os organismos competentes. Estas medidas sanitarias poderán ser ordenadas de forma inmediata polo Concello cando as razóns de urxencia así o aconsellen, dando conta delas ó Consello Galego de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, tan pronto como sexa posible.

2. Os animais afectados de enfermidades zoonósicas e epizoóticas graves deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento adecuado se fose posible. Se non, deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de consciencia.

Os métodos autorizados para o sacrificio de animais de compañía, sempre practicados por facultativo veterinario, son os seguintes:

a) Inxección endovenosa de barbitúricos solubles.

b) Outros que sexa necesario aplicar polas condicións ou dificultades de manexo.

Artigo 15.- Inspección e vixilancia

Será competencia dos servizos veterinarios oficiais, por si sós ou en colaboración cos servizos municipais:

- A comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de sanidade animal e de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade.

- A supervisión e control dos programas zosanitarios.

CAPÍTULO 5.- AGRESIÓN A PERSOAS

Artigo 16.- Agresión

As persoas agredidas por animais darán inmediata conta do feito ás autoridades sanitarias. A persoa propietaria ou posuidora do animal agresor haberá de presentarse ante as autoridades competentes, e achegará cantos datos poidan servir de axuda á persoa lesionada ou ós seus representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

Artigo 17.- Control do animal

1. O animal agresor será trasladado á dependencia que indiquen as autoridades competentes, someterano ó seu control durante catorce días. Logo do informe favorable, e se o animal está documentado, este período de observación podería desenvolverse no domicilio habitual do animal baixo a custodia do seu propietario ou propietaria.

2. Cando estea probada a agresividade dun animal de maneira fidedigna, será retirado polos servizos correspondentes logo do informe técnico, que determinará o destino do animal.

3. Os gastos ocasionados ó municipio pola retención e control dos animais agresores serán satisfeitos polas persoas propietarias deles.

CAPÍTULO 6.- ANIMAIS CONSIDERADOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 18 - Definición

1. Considéranse animais potencialmente perigosos todos os que, pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no medio humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte ou lesións ás persoas ou outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

2. Tamén terán a cualificación de potencialmente perigosos os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen, en particular, os pertencentes á especie canina, incluídos dentro dunha tipoloxía racial, que polo seu carácter agresivo, tamaño ou potencia de mandíbula teñan capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

3. Estas normas non serán de aplicación ós cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 19.- Cans potencialmente perigosos

1. Terán esta consideración as seguintes razas:

- a) Pit Bull Terrier
- b) Staffordshire Bull Terrier
- c) American Staffordshire Terrier
- d) Rottweiler
- e) Dobermann
- f) Dogo Arxentino
- g) Dogo de Bordeos
- h) Dogo do Tíbet
- i) Mastín Napolitano
- j) Presa Canario
- k) Presa Mallorquino
- l) Fila Brasileiro
- m) Tosa Inu
- n) Akita Inu
- o) Bullmastif.

p) Cruzamentos en primeira xeración destes, cruzamentos destas razas entre si ou cruzamentos destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar ós anteriormente citados.

2. Aínda que non se atopen incluídos no parágrafo anterior, serán considerados cans potencialmente perigosos aqueles animais da especie canina que tiveran sido adestrados para a garda e defensa, e aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo ou que protagonizaran agresións a persoas ou a outros animais.

Esta potencial perigosidade terá que ser apreciada pola autoridade competente atendendo a criterios obxectivos, de oficio ou tras ser obxecto dunha notificación ou denuncia, tras informe dun veterinario oficial ou Colexiado designado ou habilitado pola autoridade competente autonómica ou municipal.

Artigo 20.- Licenza

1. A tenza de animais clasificados como potencialmente perigosos requirirá a previa obtención dunha licenza administrativa, que será outorgada polo concello do municipio de residencia da persoa solicitante e válida polo período de cinco anos, aínda cambiando o domicilio a outro Concello.

2. A documentación esixida para a obtención da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos será a seguinte:

- Fotocopia do DNI (acompañado do seu orixinal para a súa comprobación), para os efectos de acreditar a maioría de idade.

- Fotografía tamaño carné da persoa solicitante para a súa colocación na tarxeta acreditativa da licenza.

- Certificado de antecedentes penais, no que conste que a persoa solicitante non foi condenada por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privada por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos.

- Certificado negativo do rexistro correspondente que xustifique a ausencia de sancións por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no parágrafo 3 do artigo 13 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

- Certificado de capacidade física onde se acredite que a persoa solicitante non está incapacitada para proporcionar os coidados necesarios ó animal, garantir o seu adecuado manexo, mantemento e dominio, así como o certificado de aptitude psicolóxica, ambos emitidos por un centro de recoñecemento debidamente autorizado de acordo co Real decreto 2272/1985.

- Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil, que se renovará anualmente, por danos a terceiros que poidan ser causados polos seus animais, cunha cobertura mínima de 125.000 € (presentarase copia acompañada do documento orixinal para o seu cotexo, no que se acredite que foi aboada a prima correspondente, así como o período de vixencia do seguro e o número de microchip do animal asegurado).

3. Se se trata de centros de adestramento ou comercio, a licenza para a tenza deste tipo de animais será expedida polo concello onde se realice a actividade correspondente, acompañarase á solicitude, ademais da documentación anterior, unha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade correspondentes que impidan a fuxida dos animais. Deberá subscribirse por persoal veterinario, biólogo ou outros

facultativos de grao superior ou medio segundo os plans de estudos nos cales se acredite o coñecemento ou o estudo de etioloxía animal.

4. A licenza municipal terá un período de validez de cinco anos, poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos. A licenza perderá a súa validez no momento en que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos dos parágrafos anteriores. As variacións nos datos que figuran na licenza deberán comunicárselle ó Concello no prazo de quince días.

5. A intervención, medida cautelar ou suspensión que afecte á licenza, acordada en vía xudicial ou administrativa, será causa para denegar a expedición doutra nova ou a súa renovación ata que aquelas sexan levantadas.

Artigo 21.- Medidas de seguridade

1. A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza leve consigo a licenza administrativa referida no artigo anterior, así como o documento acreditativo da inscrición do animal no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

2. En lugares e espazos públicos, os cans potencialmente perigosos deberán:

a) Levar, obrigatoriamente, bozo apropiado segundo a tipoloxía racial de cada animal.

b) Ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros, sen que poida levarse máis dun destes cans por persoa.

3. Os animais potencialmente perigosos que se atopen nun predio, casa de campo, chalé, parcela, terraza, patio ou calquera outro lugar delimitado, estarán atados, a non ser que se dispoña dun habitáculo coa superficie, altura e adecuado peche para protexer as persoas ou animais que se acerquen. O recinto estará sinalizado coa advertencia de que se atopa no interior un animal potencialmente perigoso.

4. Quen críe, adestre e comercie con animais potencialmente perigosos terá que dispoñer de instalacións e medios adecuados para a súa tenza.

5. A subtracción ou perda do animal será comunicada polo seu titular ás autoridades policiais de forma inmediata e ó Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos nun prazo máximo de corenta e oito horas dende o coñecemento dos feitos.

Artigo 22.- Comercio

As operacións de compravenda, traspaso, doazón ou calquera outra que supoña cambio de titular de animais potencialmente perigosos requirirán:

- Licenza vixente por parte da persoa vendedora.
- Obtención previa de licenza pola parte compradora.
- Acreditación do cambio de propietario, ante o REGIAC (Rexistro Galego de Identificación de Animais

de Compañía), por facultativo veterinario acreditado.

d) Comunicación ó rexistro municipal da operación de compravenda, traspaso, doazón ou calquera outra realizada.

Artigo 23.- Rexistro

1. As persoas titulares da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos deberán inscribir o can no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos do concello de residencia do animal, xuntando á solicitude a seguinte documentación:

- Dúas fotografías do animal.

- Fotocopia do documento onde figure o número de microchip implantado no can, cos datos do seu propietario ou propietaria (acompañado do orixinal para a súa comprobación).

- Os seguintes datos:

a) Domicilio habitual e teléfono de contacto da persoa posuidora.

b) Características do animal: idade, especie, raza, características externas e número de microchip.

c) Lugar habitual de residencia do animal.

d) Función/aptitude do animal (compañía ou garda, defensa, caza).

2. Na folla rexistral de cada animal faranse constar todos os incidentes producidos por este ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, e pecharase coa súa morte ou sacrificio certificado por veterinario ou autoridade competente.

3. Deberá comunicárselle ó Rexistro municipal a venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal, facéndose constar na súa correspondente folla.

4. O Concello remitirá os datos do Rexistro municipal ó Rexistro galego de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos, no prazo máximo de quince días a partir do momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 24.- Adestramento

1. Queda prohibido o adestramento de animais dirixido exclusivamente a acrecentar e reforzar a súa agresividade para as pelexas e ataque.

2. O adestramento para garda e defensa deberá efectuarse por adestradores que estean en posesión dun certificado de capacitación expedido ou homologado pola autoridade administrativa competente.

3. Todas aquelas persoas que estean en posesión do certificado de capacitación habilitante para o adestramento inscribíranse no Rexistro galego de adestradores caninos.

Artigo 25.- Esterilización

1. A esterilización poderá ser efectuada de forma voluntaria ou obrigatoriamente por mandato ou resolución das autoridades, e será inscrita na correspondente folla rexistral do animal.

2. No caso de transmisión da titularidade, a persoa

transmitente deberá subministrarlle á parte compradora a certificación veterinaria de que os animais foron esterilizados. Esta certificación acreditará que esta operación foi efectuada por veterinario colexiado.

CAPÍTULO 7.- ESTABLECEMENTOS DE CRÍA, GARDA E VENDA DE ANIMAIS

Artigo 26.- Licenza

Estarán sometidas a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións e requisitos da lexislación vixente, as seguintes actividades:

a) Centros para animais de compañía:

- Lugares de cría para reprodución e subministración de animais a terceiros.

- Residencias ou establecementos destinados a aloxamentos temporais.

- Canceiras ou canódromos.

- Clínicas veterinarias, con ou sen aloxamento de animais.

b) Centros diversos:

- Tenda de paxaros para a reprodución e/ou subministración de pequenos animais, principalmente aves con destino a domicilios.

- Coidadores, subministradores ou vendedores de animais de acuario ou terrario.

- Centros onde se reúnen por calquera razón animais de experimentación.

- Instalacións de cría de animais destinados ó aproveitamento da súas peles.

Artigo 27.- Inscrición

1. Será obrigatoria a inscrición dos seguintes centros e establecementos na delegación provincial do Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia:

a) Núcleos zoolóxicos. Estarán incluídos neste parágrafo os zoosafaris, parques ou xardíns zoolóxicos, zoos de circos establecidos en Galiza, reservas zoolóxicas, centros de recuperación de fauna, coleccións zoolóxicas privadas e todo tipo de agrupacións zoolóxicas.

b) Establecementos para a práctica da equitación. Quedan incluídos os picadeiros, cortes deportivas, de alugamento e todo tipo de establecementos dedicados á práctica ecuestre.

c) Establecementos veterinarios.

d) Centros de recollida de animais abandonados.

e) Centros e establecementos dedicados ó fomento, cría e coidados de animais de compañía. Inclúense as tendas de animais, centros de cría, residencias e albergues, centros de importación de animais, escolas de adestramento, cancelas deportivas, centros para o acicalamento de animais e todo tipo de establecementos dedicados ó fomento e coidado de animais de compañía.

2. Os particulares que realicen periodicamente

venda de crías de animais consideraranse, para os efectos de rexistro, como titulares de centros de cría, estando obrigados a súa inscrición nel.

Artigo 28.- Localizacións, construcións, instalacións e equipos

1. A localización será designada de acordo coa lexislación vixente. Terán un illamento adecuado, que evite o posible contaxio de enfermidades.

2. As construcións, instalacións e equipos serán os adecuados para asegurar un ambiente hixiénico e facilitar as necesarias accións zoonosanitarias.

3. Deberán estar dotadas de auga corrente en cantidade suficiente para a súa adecuada limpeza, así como para a subministración de auga potable ós animais.

4. Disporán dos medios para a limpeza e desinfección dos locais, materiais e utensilios que poidan estar en contacto cos animais e, se é o caso, dos vehículos utilizados para o seu transporte.

5. Deberán realizar desinfeccións, desinsectacións e desratizacións periódicas con produtos autorizados para este fin.

6. Disporán dos medios necesarios para que a eliminación de excrementos e augas residuais se realice de maneira que non comporte risco para a saúde pública nin perigo de contaminación do medio.

7. Así mesmo, terán medios adecuados para eliminar hixienicamente cadáveres de animais e materias contumaces ou entregarán estes residuos ó xestor correspondente en condicións que garantan a salubridade e hixiene precisas.

8. As instalacións, en xeral, deberán permitir unhas condicións de vida adecuadas para os animais, de acordo coa natureza deles.

9. Nestes centros existirá necesariamente unha zona separada para o illamento e observación de animais de recente entrega, animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.

Artigo 29.- Alimentos

1. Os alimentos subministrados ós animais deberán cumprir co que a lexislación vixente determine para este tipo de produtos.

2. As carnes e restos empregados na alimentación animal deberán estar debidamente tratados e proceder de centros autorizados para o sacrificio de animais e comercialización dos seus produtos.

Artigo 30.- Salas de espera

Os establecementos de tratamento, cura e aloxamento de animais disporán obrigatoriamente de salas de espera coa finalidade de que estes non permanezan na vía pública, escaleiras, espazos comúns de inmobles, etc., antes de entrar.

Artigo 31.- Establecementos dedicados á venda de animais

1. Os establecementos dedicados á cría e venda de animais de compañía deberán:

a) Estar en posesión da licenza municipal de apertura.

b) Situar unha placa ou cartel na súa entrada principal, onde se indicará o nome do establecemento e o número de inscrición no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

c) Manter as condicións hixiénico-sanitarias adecuadas ás necesidades dos animais e instalacións para evitar contaxios en casos de enfermidade ou coa fin de gardar períodos de corentena.

2. Os mamíferos non poderán ser comercializados antes de ter finalizado o período de lactación natural para a especie.

3. Os establecementos dedicados á venda de animais, así como os criadeiros, garderías e quen subministre animais de experimentación terán que levar un libro rexistro de entradas e saídas debidamente detallado. Nel recolleranse, polo menos, os seguintes datos de cada animal: data de inscrición, procedencia, especie, raza, data de baixa e destino. Ademais, a identificación completa e domicilio dos novos posuidores e o destino, se é o caso, dos cadáveres dos animais mortos durante a estancia no establecemento, con especificación da posible causa da morte, subscrita por un veterinario ou veterinaria. Este libro deberá ser mostrado a requirimento de calquera axente da autoridade.

Estes datos conservaranse durante un período de cinco anos. A obriga de levar un libro rexistro de entradas e saídas exime da obriga de inscrición dos animais no Rexistro municipal de animais de compañía ata a súa saída do establecemento.

4. Contarase cun servizo veterinario dependente do establecemento que outorgue certificados de saúde para a venda de animais.

5. Os establecementos autorizados para a venda de animais de compañía están obrigados a entregarlles ós compradores animais libres de toda enfermidade e coas vacinas, desparasitacións e tratamentos preceptivos, segundo a especie da que se trate. Este punto acreditarase mediante o pasaporte ou cartilla sanitaria, se é o caso, ou ben por certificación expedida polo veterinario ou veterinaria responsable do establecemento.

6. Establecerase un prazo mínimo de garantía de catorce días por se existisen enfermidades en incubación non detectadas no momento da venda. O dito prazo será aumentado a tres meses se se trata de alteracións morfofuncionais de natureza conxénita.

Artigo 32.- Documentación necesaria para a venda de animais

Quen venda un animal vivo deberá entregarlle á persoa compradora o documento acreditativo que consigne a raza do animal, sexo, idade, procedencia, vacinacións realizadas e outras características de interese (signos particulares máis aparentes, inscrición no Libro de orixes da raza se así se tivese acordado, factura...).

CAPÍTULO 8.- INSTALACIÓNS AVÍCOLAS, HÍPICAS E GANDEIRAS

Artigo 33.- Instalacións comprendidas. Licenza

1. Quedan comprendidas as seguintes instalacións: explotacións industriais e domésticas e establecementos hípicos con instalacións, fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos.

2. Estas actividades están suxeitas á obtención previa da licenza municipal correspondente, sen prexuízo de todas aquelas autorizacións e requisitos que, se é o caso, determine a lexislación vixente.

Artigo 34.- Obrigacións

As persoas titulares destas explotacións terán as seguintes obrigas:

a) Estar incluídas no censo gandeiro e ter a documentación acreditativa.

b) Facer unha revisión semestral de dita documentación no servizo correspondente para poñer ó día as altas e baixas que se producen.

c) Realizar as vacinacións obrigatorias e posuír o documento acreditativo delas.

d) Notificarlles ós servizos competentes, no prazo máis breve posible, se tivo lugar calquera enfermidade infecto-contaxiosa na explotación.

e) Retirar diariamente o esterco, debendo dispoñer de recipientes estancos onde se depositará almacenado ata a súa definitiva eliminación nas debidas condicións hixiénico-sanitarias.

Artigo 35.- Transporte de animais

O transporte será realizado con vehículos debidamente acondicionados para este fin, estando obrigados a presentar, se se lles solicitase, toda a documentación que acredite a procedencia, estado sanitario e demais circunstancias dos animais que transporten, cumprindo en todo caso co disposto na lexislación vixente.

Artigo 36.- Entrada en matadoiros

1. Para a entrada no matadoiro será requisito imprescindible presentar a documentación que ampara o tránsito dos animais, tanto se proceden de fóra do municipio como se son do termo municipal, na que constarán, entre outros detalles: nome do gandeiro, enderezo da explotación, vacinacións e data delas, así como aqueles tratamentos farmacolóxicos seguidos.

2. Ós matadoiros só terán acceso aquelas persoas que realicen o seu traballo neles.

CAPÍTULO 9.- INSTALACIÓNS ZOOLOXICAS

Artigo 37.- Definición. Tipos

1. Será instalación zoolóxica aquela que albergue coleccións zoolóxicas de animais de fauna silvestre con finalidade científica, cultural, de reprodución, recuperación, adaptación, de conservación ou recreativa, abertas ou pechadas ó público, e as agrupacións itinerantes.

2. As instalacións zoolóxicas estarán comprendidas nalgún dos seguintes grupos:

a) Zoolóxicos abertos ó público: Zoosafaris, parques

e xardíns zoolóxicos, reservas zoolóxicas e aviarios, delfinarios ou outras agrupacións de animais salvaxes que poidan ser visitadas polo público en xeral, a cambio dun prezo ou compra de entrada.

b) Instalacións zoolóxicas non abertas ó público: Están comprendidas neste grupo aquelas instalacións ás que pode non estar permitido o seu acceso ou está sometido este a autorización expresa da persoa propietaria ou xestora do centro, tales como centros de rescate ou acollida, de cría en cativeiro ou coleccións privadas.

c) Agrupacións itinerantes: Coleccións zoolóxicas que, de forma non permanente, se instalen no termo municipal, tales como circos ou coleccións itinerantes en xeral.

Artigo 38.- Licenza

Todas as instalacións zoolóxicas ás que se refire o artigo anterior deberán contar coa oportuna licenza de funcionamento e estar inscritas no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia, na sección de núcleos zoolóxicos.

Artigo 39.- Medidas de seguridade

Serán de obrigado cumprimento para todas as instalacións zoolóxicas as seguintes condicións de seguridade:

a) As instalacións que contén con dotación de armas anestésicas para o control dos animais deberán cumprir no seu almacenamento e mantemento coas prescricións xerais para armas de fogo. Serán exclusivamente manexadas por persoal especialmente capacitado para iso, baixo a responsabilidade da dirección do centro.

b) En caso de fuxida dalgún espécime animal que, polas súas características, poida, en liberdade, implicar un risco para a seguridade das persoas, os responsables do centro zoológico adoptarán de inmediato as seguintes medidas:

- O público presente na instalación será advertido e seguirá as directrices que indique a dirección do centro.

- As persoas responsables do centro advertiranlles da fuxida ás forzas de seguridade e ós servizos locais de protección civil de inmediato, poñendo a disposición destes todos os medios e persoal necesarios para controlar a situación.

- Elaborarase un informe sobre os feitos que provocaron o incidente, e adoptaranse as medidas necesarias para evitar que se repita.

c) No interior do recinto e en lugares visibles figurarán, expresadas con claridade, as condicións ás que debe someterse a conduta do público asistente, de cara tanto ó mantemento dos requisitos de seguridade como á necesaria tranquilidade e benestar para os animais.

d) As instalacións terán que contar coas medidas de seguridade precisas para evitar agresións e danos entre as propias especies animais, e destas ó público ou ó persoal coidador. Tales medidas consistirán nas barreiras arquitectónicas necesarias e na adecuación das instalacións. O persoal ó coidado de ou en contacto cos

animais deberá posuír formación suficiente para o desempeño da súa función en condicións adecuadas de atención e de seguridade.

e) En horario coincidente co de afluencia de visitantes, as instalacións contarán con persoal sanitario cualificado e con enfermerías suficientemente dotadas para atender posibles incidencias.

Artigo 40.- Marco de exercicio da actividade

Todas as instalacións zoolóxicas, incluídas as que desenvolven propósitos comerciais, exercerán as súas actividades no marco do respecto á conservación das especies animais e do coidado dos seus espécimes, de acordo coas características delas.

CAPÍTULO 10.- CONDICIÓN QUE DEBEN REUNIR OS CONSULTORIOS, CLÍNICAS E HOSPITAIS VETERINARIOS

Artigo 41.- Consultorios, clínicas e hospitais

Os establecementos dedicados a consultas, clínicas e aplicación de tratamentos sanitarios a pequenos animais con carácter ambulatorio clasificaranse en consultorios, clínicas e hospitais veterinarios.

1. Consultorio: conxunto de dependencias que comprenden, como mínimo, unha sala de recepción e unha sala para consulta ou pequenas intervencións de cura e cirurxía.

2. Clínica: Conxunto de locais que constan como mínimo dunha sala de espera, unha sala de consulta, unha sala reservada para intervencións cirúrxicas, instalación radiolóxica, sala de reanimación e laboratorio.

3. Hospital: Ademais das condicións requiridas para a clínica, contará cunha sala de hospitalización con vixilancia sanitaria asegurada as 24 horas do día e atención continuada ós animais hospitalizados.

Artigo 42.- Localización

1. Todos os establecementos requirirán licenza municipal, podendo situarse exclusivamente en edificios illados ou baixos de edificios, agás os hospitais veterinarios. Así mesmo, non poderán situarse en garderías nin en residencias de animais, agás que estas sexan propiedade do titular das ditas consultas e estivesen convenientemente illadas do resto das dependencias, sen posibilidade de acceso directo de un a outro establecemento.

2. Os hospitais veterinarios só poderán ser autorizados cando a súa localización se atope separada de toda vivenda, en edificio dedicado para o efecto e pechado, dispoñendo do espazo libre necesario por praza hospitalaria.

Artigo 43.- Equipamentos e instalacións

Os equipamentos e instalacións cumprirán as normas sectoriais que as regulan e ademais:

- Os solos serán impermeables, resistentes e lavables.

- Os paramentos verticais do quirófano, laboratorios, sala de curas, zonas de hospitalización e aseos serán

de cor clara, liso non absorbente e de fácil limpeza e desinfección, e non estará permitida como revestimento a pintura plástica. O resto de instalacións e os teitos serán de materiais que permitan a súa conservación, limpeza e desinfección.

- Disporán de auga potable, fría e quente.

- A eliminación de residuos orgánicos, material de cura e desfeitos patolóxicos efectuarase en recipientes pechados e estancos. En ningún caso estes residuos serán considerados como asimilables a urbanos nin tirados a contedores de uso público.

- Adoptaranse medidas correctoras para impedir a contaminación sonora ambiental, así como a contaminación producida por raios X ou calquera outro procedente de aparatos de electro-medicina. As instalacións de radio-diagnóstico estarán debidamente rexistradas, segundo o disposto na lexislación vixente.

- Disporán de salas de espera da amplitude suficiente para impedir a permanencia das persoas propietarias ou posuidoras de animais e destes mesmos na vía pública ou en elementos comúns de predios ou inmo- bles.

Artigo 44.- Apertura. Funcionamento

1. A apertura e funcionamento dunha clínica, consulta ou hospital veterinario requirirá necesariamente que a dirección técnica a desempeñe un profesional veterinario colexiado, e que todas as actividades veterinarias que se desenvolvan no establecemento sexan realizadas por colexiados habilitados para o exercicio da profesión.

2. As clínicas, consultorios e hospitais autorizados levarán un arquivo coa ficha clínica dos animais obxecto de vacinación ou de tratamento sanitario obrigatorio, onde constará o seu número de identificación. O dito arquivo estará a disposición da autoridade competente, tendo en conta a Lei orgánica de protección de datos.

3. Prohíbese ter ocasional, accesoria ou periodicamente consultorios, clínicas e hospitais veterinarios en establecementos comerciais ou nas súas dependencias, especialmente en oficinas de farmacia, establecementos de alimentación, hostalería ou restauración, locais de venda de animais e outros ocupados por sociedades ou organismos de protección deles.

CAPÍTULO 11.- SOCIEDADES PROTECTORAS

Artigo 45 - Regras xerais

1. O Concello colaborará coas asociacións de defensa e protección dos animais legalmente constituídas, especialmente no referente á recollida, coidados e recollida de animais abandonados. Esta colaboración está condicionada a que estas manteñan as súas instalacións en condicións hixiénicas adecuadas e cumpran cos fins que teñan encomendados, legal e estatutariamente.

2. Estas asociacións deberán estar inscritas no Rexistro xeral de asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia, e posuír todos os permisos municipais requiri-

dos. Este rexistro será un instrumento que permitirá o seguimento, censo, protección e supervisión das actividades das citadas asociacións. Serán requisitos para a inclusión no rexistro:

a) Estar legalmente constituída.

b) Ter carácter altruísta, sen fins de lucro.

c) Ser o seu obxecto principal a defensa e protección dos animais no medio no que viven.

3. Cumprirán as instrucións que dite a Alcaldía en materia de infraestruturas, densidade animal e control sanitario.

4. Existirá un servizo veterinario dependente da asociación para o control hixiénico-sanitario dos animais albergados.

5. Queda prohibida a transacción onerosa ou a cesión de animais a cambio de doazóns.

CAPÍTULO 12.- ESPECIES NON AUTÓCTONAS. ANIMAIS SILVESTRES E EXÓTICOS

Artigo 46.- Documentación esixible

1. Os provedores e propietarios de animais pertencentes a especies non autóctonas de comercio permitido polos tratados e convenios vixentes no Estado español deberán posuír a seguinte documentación:

- Certificado sanitario de orixe.

- Permiso de importación.

- Autorización zoosanitaria de entrada en España.

- Certificado de corentena ou de recoñecemento sanitario na aduana.

2. Os establecementos comerciais dedicados á venda ou exhibición de animais de fauna non autóctona deberán posuír por cada animal o certificado acreditativo de orixe, ademais da documentación específica mencionada no parágrafo anterior.

Artigo 47.- Especies ameazadas

1. Queda prohibida a caza, captura, posesión, exhibición, compravenda, cesión, doazón ou calquera outra forma de transmisión de animais, dalgunha das súas partes ou derivados, cuxas especies estean incluídas en calquera dos anexos das regulamentacións comunitarias que desenvolven o Convenio sobre Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES) sen os correspondentes permisos de importación ou cantos outros sexan necesarios.

Os axentes da autoridade terán facultades para confiscar estes espécimes ou os seus restos.

2. Todos os establecementos nos que se efectúen transaccións cos ditos animais deberán ser posuidores do documento CITES orixinal ou fotocopia compulsada del para cada unha das partidas de animais obxecto da venda.

3. Os animais que pertencan a algunha das especies recollidas no CITES posuirán o seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria.

CAPÍTULO 13.- RÉXIME SANCIONADOR

SECCIÓN 1 - Infraccións

Artigo 48 - Cualificación das infraccións

As accións ou omisións que infrinxan o previsto nesta ordenanza sancionaranse conforme o establecido nela, sen prexuízo doutras responsabilidades en que poida incorrerse.

As infraccións a esta ordenanza cualifícanse como leves, graves ou moi graves.

Artigo 49 - Infraccións leves

Serán consideradas, con respecto a esta ordenanza, infraccións leves:

- a) Deixar un animal solto pola vía pública.
- b) O maltrato ós animais que non lles cause dor.
- c) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a patria potestade, tutela ou custodia.
- d) A doazón de animais de compañía como premio.
- e) Non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias, non facilitarlle a alimentación apropiada ou telo en instalacións inadecuadas.
- f) Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.
- g) A carencia ou tenza incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
- h) Carecer de xustificante semestral de desinfección, desinsectación e desratización de locais e materiais en contacto cos animais.
- i) A posesión dun can non censado ou con carencia de pasaporte sanitario.
- k) A presenza de cans en zonas de xogo infantís.
- l) O traslado de animais e a súa estancia en lugares públicos contravindo o disposto nos artigos específicos ó respecto desta ordenanza.
- m) En instalacións zoolóxicas, avícolas, hípcas e gandeiras: a posesión incompleta dos libros de rexistro, a carencia dun programa definido de hixiene e profilaxis para os animais albergados, a venda, donativo ou calquera transacción de espécimes animais non rexistrada, sempre que non pertencen a fauna autóctona catalogada ou ó anexo I do CITES.
- n) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- ñ) Non comunicar os cambios de propietario, lugar de residencia, etc., ós rexistros municipais.
- o) Outra/s actuacións que vulneren o disposto nesta ordenanza e que non estean tipificadas como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 50 - Infraccións graves

1. Serán infraccións graves:

- a) O maltrato ós animais que lles cause dor ou lesións.
 - b) A utilización de animais en traballos que os inmoabilicen, causándolles dor
 - c) Mutilalos sen que sexa necesario ou sen adecuado control veterinario.
 - d) O sacrificio de animais en lugares públicos.
 - e) Abandonalos.
 - f) A venda ambulante reiterada de animais fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados. Tamén a venda de animais enfermos, agás que se trate dun vicio oculto non coñecido polo vendedor.
 - g) A exhibición, venda, compra ou calquera manipulación en especies de fauna protexida.
 - h) Posuír pezas de caza maior vivas, cando non se poida acreditar debidamente a súa procedencia.
 - i) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a súa saúde, agás cando sexa por prescrición facultativa.
 - k) A non tratamento veterinario obrigatorio dos animais que se estableza en cada momento.
 - l) A carencia de pasaporte sanitario dun animal doméstico se este tivese causado algunha agresión leve ou se do exame veterinario se deducise que padece algunha afección.
 - m) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
 - n) Causar molestias por parte dos animais de compañía ós veciños, especialmente na franxa horaria que se corresponde co descanso nocturno.
 - o) En instalacións zoolóxicas, avícolas, hípcas e gandeiras: a ausencia ou non-cualificación suficiente do persoal sanitario e veterinario, o mantemento de proxectos ou instalacións que non se axusten ás condicións expresadas na solicitude de licenza ou a ausencia de libros de rexistro debidamente cubertos.
2. En canto ós animais potencialmente perigosos, consideraranse infraccións graves:
- a) Deixar solto un animal potencialmente perigoso ou non ter adoptado as medidas necesarias para evitar a súa escapada ou extravío.
 - b) Incumprir a obriga de identificalo.
 - c) Omitir a inscrición no Rexistro.
 - d) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen bozo ou non suxeito con cadea.
 - e) O transporte destes animais vulnerando as indicacións ó respecto desta ordenanza.
 - f) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, así como a subministración de información inexacta ou de documentación falsa.
3. Considerarase infracción grave a reincidencia, por comisión no termo dun ano de mais dunha infracción leve da mesma natureza, cando así se teña declarado

por resolución firme.

Artigo 51 - Infraccións moi graves

1. Serán consideradas como moi graves as infraccións seguintes:

- a) O maltrato ós animais que lles cause a morte.
- b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.
- c) A venda de animais con enfermidades infecto-contaxiosas coñecidas.
- d) A venda, donativo ou calquera transacción de espécimes a título oneroso ou lucrativo se se trata de especies pertencentes á fauna autóctona catalogada ou ó anexo I do CITES.
- e) A ausencia de documentación no caso de posesión de especies non autóctonas.
- f) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- g) A esterilización ou sacrificio de animais sen control facultativo.
- h) A reiteración na comisión de infraccións graves. Considerarase reiteración a comisión de tres ou mais infraccións, aínda que sexan de diferente natureza, no período dun ano.

2. Polo que respecta ós animais potencialmente perigosos, considéranse infraccións moi graves:

- a) O abandono. Considerarase abandonados cando non vaian acompañados de persoa ningunha, independentemente de que estean ou non preceptivamente identificados.
- b) Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza, así como transmitirlos por calquera título a quen careza dela.
- c) Adestralos para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.
- d) Adestralos por quen careza do certificado de capacitación.
- e) A organización, celebración e participación en concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos destinados a mostrar a agresividade dos animais.

3. Será considerada tamen infracción moi grave a reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción grave da mesma natureza, cando así fora declarada por resolución firme.

Artigo 52 - Prescrición das infraccións

As infraccións leves prescribirán ós seis meses, as graves ós dous anos e as moi graves ós tres anos, e empezarán a computar dende o día en que se comete a infracción ou, se é o caso, se tivese coñecemento dela.

SECCIÓN 2 - Sancións

Artigo 53 - Sancións

1. As infraccións esta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de 60 euros a 750 euros.
- Infraccións graves: multa de 751 euros a 1.500 euros
- Infraccións moi graves: multa de 1.501 euros a 3.000 euros

2. A resolución sancionadora poderá comportar a confiscación dos animais obxecto da infracción.

3. A comisión de infraccións tipificadas como graves e moi graves poderá implicar:

- a) A clausura temporal de instalacións, locais ou establecementos ata un prazo máximo de 10 anos.
- b) A prohibición de adquirir outros animais por un prazo comprendido entre un e dez anos.
- c) A suspensión temporal ou definitiva da licenza para tenza de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación de adestrador.

Artigo 54 - Graduación

Para graduar a contía das multas e das sancións accesorias, terase en conta os seguintes criterios:

- a) A transcendencia social ou sanitaria e o prexuízo causado.
- b) O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido.
- c) A reincidencia
- d) A intencionalidade e demais circunstancias concorrentes

Artigo 55 - Prescrición das sancións

As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán os tres anos, as impostas por infraccións graves ós dous anos, e as impostas por infraccións leves ó ano.

Artigo 56 - Procedemento

A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades de conformidade con esta ordenanza realizarase mediante a instrución do correspondente expediente sancionador e segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e demais normativa aplicable.

Artigo 57 - Medidas provisionais

1. Sempre que existan indicios de comisión de infraccións graves ou moi graves ás disposicións desta ordenanza, o Concello poderá retirar con carácter preventivo os animais obxecto de protección ata a resolución do correspondente expediente.

2. Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, os servizos municipais poderán proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisio-

nal durante a tramitación do procedemento sancionador.

Artigo 58 - Responsabilidade

1. A responsabilidade de carácter administrativo prevista nesta Ordenanza entenderase sen prexuízo da esixible nas vías penal e civil.

2. En supostos nos que as infraccións puideran ser constitutivas de delito ou falta, os servizos municipais poderán acordar a incautación do animal ata que a autoridade xudicial dispoña acerca del, e deberán dar traslado dos feitos ó órgano xurisdiccional competente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo caso terá que observarse, no que sexa de aplicación, o establecido na lexislación autonómica ou estatal, en concreto na:

- Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade e Decreto 153/ 1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve.

- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e R.d. 287/ 2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve esta.

- Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor desta ordenanza quedan derogadas todas aquelas normas municipais de igual ou inferior rango que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co regulado nela.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello en Pleno e publicado o seu texto íntegro no BOP de Lugo. "

Contra a presente ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquél no que o texto desta Ordenanza fose publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 27 de outubro de 2008.- O TENENTE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E ZONA RURAL, Lino González-Dopeso García.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO, Luis Regal Pavón.

R. 05458